

ESTIMADOS PAIS/NAIS/TITORES:

Pola presente comunicamos que no DOG do 21 de maio de 2018 publicouse a ORDE que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

- Todos os alumnos con renda per cápita igual ou inferior a 5.400€ teñen dereito a axuda para material escolar (50€).
- Os alumnos que vaian cursar a ESO con renda per cápita igual ou inferior a 5.400€, teñen dereito a recibir 6 libros do Fondo Solidario de libros de texto.
- Os alumnos que vaian cursar a ESO con renda per cápita superior a 5.400€ e igual ou inferior a 9.000€, teñen dereito a recibir 4 libros do Fondo Solidario de libros de texto.

O MODELO DE SOLICITUDE É ÚNICO PARA LIBROS E MATERIAL (deberase presentar debidamente cuberto e acompañado da copia de todas as páxinas do libro de familia). **Cubrirase unha única solicitude para todos os irmáns que estean matriculados no mesmo centro.**

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 22 de xuño

Ser beneficiario destas axudas conleva o cumprimento das seguintes obrigas:

1. Devolver os libros de texto e material reutilizable do curso 17/18 antes do 22 de xuño (agás os que teñan materias pendentes, que poderán quedar cos libros desas materias ata o 7 de setembro).
2. Conservar en bo estado os libros.
3. Destinar o importe do vale a mercar material escolar.

O incumprimento destas obrigas é causa de exclusión do fondo solidario de libros de texto e das convocatorias de axuda.

A Estrada, a 25 de maio de 2018

O DIRECTOR

Asdo. José M. Puente Rey

NOTA: Deberán devolver ó titor/a este recibí debidamente asinado antes do xoves 31 de maio.

.....
D./Dna., pai/nai/titor/a do alumno/a.....,
do curso , recibín a información sobre a adquisición dos libros de texto para o curso 2018/19.

A Estrada, de maio de 2018

Asdo.